

C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión de data 26.11.2012, a “Regulamento do Servicio do Pavillón Municipal de Deportes de Salvaterra de Miño”, e transcorrido o prazo de trinta días hábiles desde a súa publicación no B.O. da Provincia sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, enténdese automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora provisional, segundo o disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

De conformidade co art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez publicado completamente o seu texto e transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

**“REGULAMENTO DO SERVICIO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE
SALVATERRA DE MIÑO**

Artigo 1º.- Obxecto


Constitúe o obxecto do presente, a regulación do uso e disfrute do Pavillón municipal de deportes, sito na rúa Lagoa nº 1, ó abeiro do disposto nos artigos 4, 25, 84 e 85 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local e 31 e ss. do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, que consta das seguintes instalacións: vestuarios, pista deportiva, gradería e megafonía.

Artigo 2º.- Forma de xestión

O servizo do pavillón municipal de deportes prestarase en réxime de xestión directa, sen perxuízo da colaboración ou iniciativa particular, que virá obrigada a axustarse ás prescricións que se establezan neste Regulamento e ás normas que, no seu caso, dicte a Corporación municipal.

Artigo 3º.- Destino

Como norma xeral, o pavillón municipal de deportes destinarase á practica de toda clase de actividades deportivas, competicións e espectáculos de natureza deportiva ou de lecer, sen prexuízo de utilizalo ocasionalmente para a realización doutras actividades (artísticas, culturais, sociais ou de relevo para a comunidade), que sexan compatibles co piso do mesmo.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

Artigo 4º.- Actividades nas instalacións

En concreto o pavillón municipal de deportes poderase utilizar para os seguintes actos:

Actividades, competicións e espectáculos deportivos que se axeiten ás características da instalación, actividades e espectáculos de carácter mixto nos que os seus aspectos artísticos ou culturais excedan do estrictamente deportivo, acontecementos de natureza exclusivamente artística, cultural ou festiva e actos públicos non incluídos en ningunha das liñas anteriores, sempre que sexan compatibles co piso do mesmo.

Artigo 5º.- Competencia para a autorización de actos

O Alcalde, ou por delegación del o Concelleiro de Deportes, será competente para resolverlas solicitudes de autorizacións para os actos previstos no artigo anterior.

Artigo 6º.- Obrigas do persoal encargado das instalacións deportivas

A) Abrir e pechar as portas, manter a orden, custodia, mantemento, funcionamento e vixilancia así como realizar pequenas reparacións nas instalacións

B) Custodia-los inmobles, as súas instalacións e elementos integrantes, impedindo a entrada ó pavillón a persoas que non estean autorizadas e non permitindo que ninguén acceda a pista ou vestiarios sin estar debidamente autorizado.

C) Resolve-las incidencias ordinarias que se poidan producir na preparación e desenvolvemento das actividades.


D) Cumpri-las ordes e instrucións de servico que se cursen ó efecto.

E) Comunicarlle ó concello as incidencias que se rexistren, os danos que se produzan, os supostos causantes e todas as accións ou comportamentos susceptibles de constituir algunha das infraccións tipificadas no presente regulamento.

G) Cobrar as taxas de utilización, para os que non teñan convenio de pago co concello, e liquida-las semanalmente ante o funcionario que se designe, segundo a Ordenanza Fiscal.

Artigo 7º.- Acceso e disfrute do servico

1.- Tódolos cidadáns teñen dereito a acceder e a usar as instalacións deportivas en condicións de igualdade, con suxeición ás normas que contén este regulamento e ás instrucións que na súa aplicación dicten os encargados da xestión do servico.



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

2.- A utilización do servizo axustarase ás condicións da autorización e ós horarios aprobados.

Artigo 8º.- Modalidades de uso

A utilización do pavillón de deportes municipal efectuarase baixo a presenza de persoal municipal encargado do pavillón.

Artigo 9º.- Obrigas e responsabilidades dos usuarios

1.- Os usuarios teñen a obriga de abona-las taxas establecidas ó efecto que devengue a utilización do servizo, colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións e respecta-las normas sobre o uso adecuado do equipamento e da moblaxe das mesmas.

2.- As avarías, danos ou perdas que se orixinen no material ou nas instalacións como consecuencia da súa utilización impropia ou negligente darán lugar, por parte do seu autor ou autores, á responsabilidade que lle/s será esixida polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo iso sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.

3.- Utilizar as instalacións, material e mobiliario adecuadamente, evitando posibles danos nas instalacións ou á saúde e dereitos dos outros usuarios.

4.- Gardar o debido respecto ós demais usuarios e ó persoal das instalacións, así como atender en todo momento as indicacións do persoal das instalacións deportivas o cal o seu cometido sexa supervisar toda a actividade que se realice no recinto e as súas dependencias.

5.- Acceder á instalación para realizar a actividade con indumentaria deportiva completa, observándose especialmente a necesidade de calzado deportivo limpo (tenis ou similares)


6.- Cumprir os horarios establecidos.

7.- Abandonar as instalacións unha vez finalizada a actividade na que se participe ou se encontre inscrito. O acceso ós vestiarios se permitirá 15 minutos antes do horario consignado ó comezo da actividade no recibo correspondente. A saída será como máximo 20 minutos despois de finalizar o seu horario.

8.- Non fumar nas instalacións deportivas.

9.- Non deixar obxectos fora dos vestiarios, e sempre colocados nos espazos dedicados a elo.

10.- O Concello non se fará responsable ante o usuario en caso de accidentes ou danos



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

(PONTEVEDRA)

derivados do incumprimento por parte deste, das presentes Normas, dun comportamento negligente de outro usuario ou un mal uso das instalacións, equipamentos e servizos.

11.- O Concello non se fará responsable da perda ou furto de prendas u obxectos que se deixen nos vestiarios, recomendámoslles que non deixen obxectos de valor durante a utilización das zonas comúns de vestiarios e ximnasios.

Artigo 10º.- Prohibicións

1. - Está prohibido fumar e comer tanto na cancha de xogo como en todas as instalacións do Pavillón

2.- Na cancha de xogos autorízase o consumo de bebidas de uso habitual na práctica deportiva.

3.- Nas bancadas e vestiarios autorízase o consumo de bebidas non alcohólicas en envases non ríxidos.

4.- É obrigatoria a utilización de vestimenta deportiva para o adestramento ou para práctica doutras actividades deportivas na cancha de xogo, en especial non se permitirá o acceso á cancha de xogo sen calzado deportivo limpo (tenis ou similares)

5.- O tamaño e demais características dos balóns e demais materiais deportivos que se usen teñen que ser os autorizados polas federacións do deporte que se esté practicando.

Artigo 11º.- Réxime horario de utilización do servizo: calendario de utilización, tramitación de solicitudes e autorizacións.

Antes do 30 de setembro de cada ano prestarase aprobación ó calendario anual de utilización regular do pavillón municipal de deportes.


1.- Na fixación do citado calendario do servizo do pavillón municipal de deportes serán observados os seguintes criterios:

a) Durante o curso escolar e no período coincidente có horario lectivo, será preferente o uso escolar.

Só no caso de non ser solicitada a súa utilización polo C.E.I.P. Infante Felipe o Concello disporá da súa utilización.

b) Terán preferencia na asignación de usos as escolas deportivas municipais, as actividades deportivas do deporte base ou calquera outra organizada polo Concello.

c) O desenvolvemento das competicións oficiais, nas distintas modalidades deportivas e categorías, terán preferencia sobre outros usos, agás circunstancias excepcionais debidamente apreciadas polo órgano competente no outorgamento das autorizacións de uso.



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

d) Nas horas non asignadas en razón dos usos anteriores, no outorgamento de autorización de disfrute observarase a seguinte orde:

- 1) Adestramento de equipos con enderezo social no municipio participantes en competicións oficiais, garantizando como mínimo unha hora de adestramento semanal.
Na concreta asignación do horario de adestramento, nos supostos de petición en horario coincidente, terá preferencia o equipo que participe nunha competición de categoría superior e de existir coincidencia nesta, será preferente o máis antigo.
- 2) A utilización para actividades non deportivas enumerados no artigo 4º.
- 3) A utilización por veciños ou colectivos veciñais non federados.
- 4) Restantes usos e cidadáns en xeral.

2.- A Concellería de Deportes poderá introducir modificacións puntuais nos horarios cando as razóns de interese xeral o esixan.

3.- O máximo de persoas que poden utilizar a cancha de xogo s será a que marque o regulamento do deporte que practiquen.


4.- As solicitudes para ter acceso ó uso do PMD, por períodos anuais, cursaranse nos 30 primeiros días do mes de setembro por parte dos colexios públicos, clubs, entidades, asociacións deportivas ou de calquera outra natureza. Nas solicitudes indicaranse:

- Solicitante.
- Enderezo social
- Modalidade deportiva
- Competición, no seu caso
- Varios horarios de preferencia solicitada
- Persoas responsables das actividades

As solicitudes para usos non continuados, puntuais ou esporádicos deberán presentarse cunha antelación máxima de 48 horas ó día de desenvolvemento da actividade, indicando:

- Solicitante
- Enderezo social
- Actividade a realizar
- Período no que se pretende realiza-la actividade
- Horario de preferencia solicitado
- Persoas responsables da actividade.

Ás solicitudes adxuntarase xustificante de abono da taxa correspondente.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

5.- No caso de que unha actividade municipal coincida con outra xa programada, terá preferencia a actividade municipal, debendo poñelo en coñecemento do club, entidade ou asociación implicada coa suficiente antelación para que procedan á modificación da actividade programada.

Artigo 12º.- Responsabilidades

Cando a autorización para o disfrute dos servizos se outorgue a favor de clubs, entidades ou asociacións deportivas ou de calquera outra natureza ós que pertencen os autores das averías, danos ou perdas que se causen nas instalacións deportivas municipais son solidariamente responsables con eles dos mesmos.

Artigo 13º.- Inexistencia de dereitos adquiridos

O outorgamento dunha ou varias autorizacións para o disfrute do servizo durante un período de tempo ou dunha determinada franxa horaria, de maneira regular, non comporta o nacemento de ningún dereito adquirido.

Artigo 14º.- Persoal auxiliar

Os clubs, entidades, asociacións deportivas ou de calquera outra natureza son responsables de que durante o adestramento e os partidos estea nos banquillos ou na cancha de xogo o persoal auxiliar que a actividade demande e que garante que esta se poda desenvolver nas adecuadas condicións de tranquilidade e seguridade para os participantes directos e os seus acompañantes.

A utilización do pavillón por menores de idade requirirá a presenza nas instalacións de un adulto responsable do grupo ou grupos.

Artigo 15 - Publicidade

O club ou asociación ó que se lle permita a colocación de publicidade durante un partido ou competición deberá retirala cando finalice cada partido.

A colocación efectuarase nos lugares que indique a Concellería de Deportes ó efecto e levarase a cabo de modo que non cause desperfectos na instalación nin na estética do Pavillón.


Artigo 16 - Infraccións e sancións

1. As infraccións que se poidan cometer na utilización das instalacións do pavillón serán calificadas como leves, graves ou moi graves.

2. Son infraccións leves aquelas que atenten contra o establecido no presente Regulamento, mentras non sexan calificadas como graves ou moi graves.

3. Serán infraccións graves:

- Reincidencia na comisión de infraccións leves .



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

- Altercados e alborotos que perturben gravemente a realización das actividades en curso.
 - Ofensas e insultos ó persoal sencargado do pavillón, xogadores, árbitros ou a calquera persoa que se atope no pavillón.
4. Serán infraccións moi graves:
- Reincidencia na comisión de infraccións graves.
 - Agresións físicas ó persoal subalterno do pavillón, ou persoal particular ó servizo das actividades que se desenvolvan no mesmo, xogadores, árbitros ou a calquera persoa que se atope no pavillón.
5. As sancións serán impostas polo Alcalde ou órgano no cal delegue.
6. Os tipos de contías a aplicar serán os seguintes:
- Infraccións leves: multa de 100 a 750 euros e privación do dereito de acceder ó pavillón e ós servizos deste durante 3 mes.
 - Infraccións graves: multa de 750,01 a 1.500 euros e privación do dereito de acceder ó pavillón e ós servizos deste durante 1 ano.
 - Infraccións moi graves: Multa de 1.500,01 a 3.000 euros e privación do dereito de acceder ó pavillón e ós servizos deste durante 2 anos.

Artigo 17º.- Acceso público ás actividades

Os organizadores das actividades quedan obrigados a garantir o acceso público e gratuito ó pavillón municipal de deportes ós espectadores de calquera actividade. Se en algún caso se solicitara o uso do pavillón para unha actividade de acceso non gratuito, a autorización deberá contar coa autorización da Concellería de Deportes.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o no previsto neste Regulamento estarase ó disposto tanto no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, como en calquer outra disposición con competencia na materia.”

Salvaterra de Miño, 31 de xaneiro de 2013.

O Alcalde.

Asdo. Arturo Grandal Vaqueiro